

## Entrevista a Santiago Ferrer A.



Santiago Ferrer, responsable do sector de Saltos Verticais da FGA

A Federación Galega de Atletismo na súa estrutura funcional, conta na actualidade cunha serie de comisións e comités cuxa función é a de regular, estudar e promover melloras e pautas de actuación en cada un dos seus respectivos órganos de actuación.

Entre todos eles se atopa a Comisión Técnica a cuio fronte se atopa a súa Directora Madó González. O seu principal cometido é básico e fundamental xa que toda a actividade técnico-deportiva planifícase nas xuntanzas que manteñen os membros deste

órgano formado por dez responsables de sectores. A composición desta comisión fórmanan *Carlos Tuñas* do sector de velocidade, *Vicente Veiga*, do sector de valados, *Manuel Vigo* do sector de medio fondo, *Santiago Saco* de fondo, *Carlos Morales* de Marcha, *Santiago Ferrer A.* de saltos verticais, *Mario González* de saltos horizontais, *Raimundo Fernández* de Lanzamentos de peso, disco e xavalina, *Manuel Hermida* de Lanzamento de martelo e por último *Xulio Ventin* do sector de Probas Combinadas

A todos invitámoslles a que nos contaran o que deu de si a pasada tempada así como os seus obxectivos e reflexións de cara a actual.

Principiamos polo responsable do Sector de Saltos verticais, Santiago Ferrer Alonso quen de maneira ampla e dataiada comentáranos o que deu de si o seu sector.

**Logo de dar comezo unha nova tempada recentemente, toca facer balance da anterior... ¿Cómo valorarías a nivel xeral o comportamento da área que dirixes?**

“Sobre a pasada tempada podemos facer un balance bastante positivo, destacando a actuación de Jean Marie Okutu nos Xogos Olímpicos de Rio de Janeiro en salto de lonxitude; así como todos os éxitos acadados por este mesmo atleta nesta tempada (Récord Galego Absoluto 8,17 e sendos títulos nacionais de Pista cuberta e aire libre). Ademais de él, e tamén a nivel absoluto, resaltar o ouro de Ana Peleteiro no triple salto en pista cuberta, que por problemas físicos non puido mostrar o seu talento no aire libre.

No triple, José Alfonso Palomanes tivo a súa mellor tempada de sempre en canto a resultados, acadando o bronce en pista cuberta e o ouro no aire libre. Tamén destacar o récord galego absoluto de Saleta Fernández en salto de altura con 1,83 que lle valía a 4ª posición no nacional absoluto de pista cuberta.



//ABANCA



Gonzacar, S.L.



## Entrevista a Santiago Ferrer A.

Xa nas categorías inferiores, boa tempada de Anxo Blanco en triple salto (plata promesa indoor e bronce no aire libre), Iria Forján en lonxitude (bronze junior aire libre), Saleta Fernández en altura (ouro junior indoor), Olaia Gisela Becerril en lonxitude (bronze cadete indoor, prata aire libre e mellor marca galega cadete aire libre.), Andrea Reija en altura (ouro cadete indoor) e Marco Martínez tamén en altura (bronze cadete aire libre).

Para non quedarnos só coas medallas, dicir que nos campionatos de pista cuberta rexistráronse un total de 23 actuacións das cales 18 foron entre os 8 primeiros. Mentres que no Aire libre rexistráronse 20 actuacións con 13 “finalistas”. Sen dúbida serán resultados a ter en conta cara a mellorar éstos na temporada que comeza”

### Cales consideras que son os puntos fortes do sector que dirixes?



*Alfonso Palomanes en plena competición*

“Como puntos fortes destacaría as gañas de aprender dos atletas das categorías inferiores xunto cas dos seus correspondentes adestradores, favorecido todo elo ademáis ca proximidade dos atletas referentes do sector, como poden ser Jean Marie Okutu e J. Alfonso

Palomanes; ambos inmersos neste proxecto do sector, participando xa o pasado ano, nas concentracións realizadas. Por todo elo que podemos presumir de ser un sector novo, con ganas de medrar e de construír un núcleo no que prime o bón ambiente e a cercanía de todos os que formamos parte”

### ... e cales son os febles

“En referencia ós puntos febles, cicáis os medios de cara ó adestramento destas disciplinas tan técnicas. Ben é certo que contamos cos módulos cubertos de Ourense e Lugo, dúas magníficas instalacións para os adestramentos invernaís. Malia elo atopamos outros núcleos consagrados, con grandes traxectorias no sector de saltos que non contan cas instalacións máis axeitadas para poder adestrar. En relación coa disciplina de salto pértega, existen carencias a nivel de material (pértigas) o que impide o medre desta disciplina nos lugares onde non contan con material. Sabemos que hai clubs que están a realizar grandes esforzos por tratar de introducir esta disciplina nas súas escolas de atletismo”



//ABANCA



Gonzacar, S.L.



Ribeiro



## Entrevista a Santiago Ferrer A.

### Como ves a evolución do teu sector nos últimos anos?

“Penso que podemos presumir de gozar de boa saúde, avalados polos resultados dos últimos anos, onde temos que volver a mencionar os atletas que nos permiten amosar a nosa competitividade ó longo da xeografía española.

Tanto Ana Peleteiro (Campiona Mundial Junior de Triple en 2012), Jean Marie Okutu (numerosas veces Campión de

España Absoluto e recentemente olímpico), J. Alfonso Palomanes (múltiple medallista Nacional Absoluto). Tamén nas categorías menores lograronse varias medallas a nivel nacional. Debemos tratar de dar continuidade a estes éxitos, aproveitando o tirón dos nosos mellores saltadores de sempre actualmente en activo. Cabe destacar que nos cinco últimos anos batíronse todos os récords absolutos de saltos nas categorías masculinas e femininas; agás da pértega feminina (2007) e no salto de altura masculino (1992).”



Grupo de atletas e adestradores durante unha concentración de saltos

### En comparación con outras Autonomías...como dirías que se atopa a nosa Comunidade?

“En comparación digamos que debemos de atoparnos na primeira metade a pesares das dificultades do clima e das instalacións. Podemos codearnos cas demais que contan con millores factores ca nós, considerando que estamos consolidados nesas posicións. Contamos cun sector de saltos afianzado, grazas ó traballo dos adestradores da nosa comunidade ó longo dos anos”

### Que valoración fas das distintas concentracións desenvoltas polo teu sector?

“A pasada tempada realizamos un total de catro concentracións, así coma outras tres sesións técnicas en diferentes núcleos da nosa xeografía. O balance de todas éstas é moi positivo. Estamos moi contentos ca opción de separar concentracións en Norte e Sur ó inicio do ano, permitíndonos chegar a máis xente e facilitando os desprazamentos.




## Entrevista a Santiago Ferrer A.

Gustaríanos destacar a boa actitude dos atletas que participan nas mesmas, así coma a dos adestradores que teñen a ben asistir a ditas actividades. Consideramos moi importante a participación destes últimos cara a coñecer a súa situación de adestramento no núcleo, así como para o intercambio de información contínuo sobre as diferentes aspectos do adestramento. Todo isto, non fai máis que enriquecer a todos os participantes e a nós mesmos, tratando de crear un ambiente que favoreza a consecución de bos resultados e amizades para acadar un “sector unido”.

*Gustaríanos destacar a boa actitude dos atletas que participan (nas concentracións) así como a dos seus adestradores (...)*

**Consideras a evolución en infraestructuras (en concreto dos módulos cubertos e da futura Pista cuberta) un paso importante para a millora do teu sector?**



Módulo cuberto de Ourense

“Por suposto, como xa comentabamos anteriormente, contar con instalacións cubertas para o noso sector resulta moi positivo, sobre todo de cara os invernos galegos. Isto permite programar adestramentos técnicos sin ter que depender do factor meteorolóxico, polo que favorece a consecución dos resultados. Do mesmo

xeito, a creación da pista cuberta permitirá que se poidan organizar máis competicións durante o inverno, nas mellores condicións. Poder competir con máis frecuencia, favorecerá sen dúbida a consecución de mellores resultados, xa que non existe mellor estímulo de adestramento que a propia competición.”



//ABANCA



Gonzacar, S.L.



## Entrevista a Santiago Ferrer A.

**A parte dos módulos cubertos... que máis botas en falta en canto a recursos?**

“Os saltos se levan a cabo nunha pista de atletismo, pero para poder maximizar o rendemento dun atleta, non só precisamos ter dita pista cos fosos de saltos (horizontáis e verticáis) provistos do material correspondente. Existen traballos complementarios como pode ser o adestramento da forza a través da musculación, que polo xeral se leva a cabo nun ximnasio. Todas elas, existen na maioría dos núcleos, aínda que non nas mellores condicións, polo que sería outro campo a mellorar. Por outra banda, volvemos a insistir na carencia de material na disciplina de salto con pértega, que impide descentralizar de certos núcleos o protagonismo nesta proba. É unha situación complexa, material custoso, difícil de transportar, e moi personal (unha pértega e diferente de outra, debe estar adaptada as condicións do atleta que a emprega)”



Jean Marie Okutu, olímpico en Río 2016

**Con que logro deportivo relevante quedarías da pasada tempada do teu sector**

“Sen dúbida o récord galego de Jean Marie Okutu que valeu o billete para os Xogos Olímpicos de Río 2016, ademáis do título de Campión de España Absoluto acadado por Alfonso Palomanes en Xixón, que supón o único título que lle faltaba por poseer, pois viña de ser Campión de España en tódalas categorías inferiores (cadete, xuvenil, junior e promesa)”

**Tes previsto introducir cambios nesta tempada na planificación e desenvolvemento do teu sector?**

“A idea é manter o mesmo plan de traballo de cara a presente tempada. Gustaríanos engadir algúnha actividade máis, pero dependemos do recursos que temos. O proxecto está marcado, queremos darlle continuidade ó comezado a pasada tempada”



//ABANCA



Gonzacar, S.L.



## Entrevista a Santiago Ferrer A.

Cales se pode decir que son os atletas con maior proiección nestes intres?

“Por destacar un atleta masculino e outra feminina, consideramos que quizáis Marco Martínez e Olaia G. Becerril, polas condicións que reúnen así coma os resultados colleitados na pasada tempada, están chamados a continuar sendo protagonistas do sector. Son os dous moi novos, ambos nados no 2001 así que haberá que agardar a súa evolución. Con traballo e constancia serán quen de colleitar éxitos para o noso atletismo”



Olaia Guisela Becerril durante o transcurso dunha proba

Santi e xa casi para ir rematando, cóntanos...¿que metas e obxectivos marcas para no teu sector nesta nova tempada?

“Para esta tempada que estamos a comezar, dende o sector trataremos de continuar o plan do ano pasado. Queremos chegar a máis xente a través das concentracións. Promocionar o sector a través da consolidación do



Xornada de “Saltando na praia” no areal de Sada

proxeito “Saltar na Praia” que deixou moi bo sabor de boca entre todos os asistentes e participantes; e que permitiría achegar os saltos á sociedade. Ademais agardamos mellorar o número de actuacións dos nosos atletas nos campionatos racionais e sobre todo, seguir

tratando de unir o sector para así poder sumar entre tódolos membros contribuíndo con elo ó noso medre”



//ABANCA



Gonzacar, S.L.





## Entrevista a Santiago Ferrer A.

**Unha pregunta como técnico, ¿como valoras que se esté a reclamar a profesionalización dos adestradores con cada vez maior insistencia?**

“Trátase dun plantexamento moi interesante e necesario. Hai moita xente que se adica a este deporte en corpo e alma a cambio de nada. Como adestradores desempeñamos un papel moi importante na formación atlética do deportista, sendo tamén educadores e formadores de persoas. Consideramos que temos unha labor de gran responsabilidade... que menos que recoñecela coa profesionalización do noso estamento”

**Santi moitísimas grazas polo tempo adicado a esta sección, non sei se desexas engadir algunha cuestión máis...**

“Simplemente agradecer a oportunidade que se nos da de expoñer as nosas ideas e valoracións sobre o traballo que vimos desempeñando. Gustaríanos insistir en ofrecer a todos aqueles que poidan estar interesados a nosa colaboración. Estamos abertos a escoitar calquera proposta e dispostos a achegarnos ós núcleos que demanden a nosa presenza. Ofrecer

Estamos abertos a escoitar calquera proposta e dispostos a achegarnos ós núcleos que demanden a nosa presenza. Ofrecer tamén o proxecto “Saltar na Praia” para aqueles clubs que estén interesados en promocioar a súa actividade nas súas localidades (...)

tamén o proxecto “Saltar na Praia” para aqueles clubs que estén interesados en promocioar a súa actividade nas súas localidades, lembrar que o formato se adapta tamén ás rúas (este verán desenvolveronse en Noia).

Moitas grazas e que todos teñamos unha boa tempada 16/17”



Concentración desenvolva polo sector de saltos este ano



//ABANCA



Gonzacar, S.L.



Ribeiro

